

## PLAN TICs

### INTRODUCCIÓN

#### **a. Presentación do centro.**

O noso centro, o **CEIP Fermín Bouza Brey** está enmarcado no concello de **Ponteareas**.

Ubicado na Comarca do Condado ten unha extensión de 126 Km<sup>2</sup> e está constituído por **24 parroquias**, preto dos 24.000 habitantes. Os seus límites

naturais son: ao este, con O Covelo; ao norte con [Mos](#), [Mondariz-Balneario](#) e [Mondariz](#); ao sur [Salvaterra de Miño](#), [Salceda de Caselas](#) e [As Neves](#) e ao oeste limita con [Mos](#), [O Porriño](#) e [Salceda de Caselas](#)

O centro conta con alumnado de o centro urbano e das parroquias de Xinzo, Arnoso, Areas, Moreira e Angoares, que conforman un alumnado de nivel socio-económico medio e tendente ao rural. É o centro educativo máis grande do concello, con 22 aulas en Educación Primaria y 6 en Educación Infantil separadas en dous edificios dentro do mesmo recinto escolar.

#### **b. Medios informáticos.**

Na maioría das aulas do colexio dispoñen dun ordenador conectado a Internet por wi-fi, co seu correspondente proxector. Ademais dos ordenadores en sala de profesores, despachos, secretaría, aula PT, AI, sala de mestres, orientación, biblioteca, ... e doutros 18 ordenadores na aula de informática, conta con dúas pantallas dixitais, unha no edificio de educación infantil e outra na biblioteca.

Todos os medios informáticos cos que contamos están perfectamente actualizados (na medida do posible) cos tempos que corren tanto en hardware e software. Ademais contamos con rede Wifi no centro, co que tódolos ordenadores poden beneficiarse co acceso a Internet. Nembargante non podemos pensar que xa está todo feito. Todos sabemos que os avances no eido da informática son considerables a cada ano que pasa: novos sistemas operativos, novo software, novos soportes, hardware máis potente, novas posibilidades,... Polo tanto, para estar ó día neste mundo tan extenso e cambiante



e poder ofrecer ós nosos alumnos e ó resto da comunidade educativa uns coñecementos e servizos actualizados, debemos seguir traballando día a día como ata agora e ir ampliando e mellorando, na medida das nosas posibilidades, os distintos tipos de servizos relacionados coas TIC que o noso centro puidera ofertar.

En canto ó noso alumnado, procurando atender a toda a súa diversidade os ordenadores poden axudarnos a crear contornos amigables con actividades compartidas para favorecer o traballo en grupos e crear un clima que anime ó traballo cooperativo, polo que non estaría de máis que replantexáramos o noso estilo de traballo ou a nosa metodoloxía para impulsar este tipo de actitudes que puideran favorecer a integración de todo este maremágnum de culturas-estilos de vida para mellorar na medida do posible a convivencia de toda esta diversidade.

## OBXECTIVOS

### **a. Obxectivos Xerais.**

- Actualizar o inventario do material audiovisual e informático e dalo a coñecer ao resto do profesorado.
- Elaborar as normas de comportamento e actuación que deben levar a cabo tódolos usuarios da sala de Informática e Audiovisuais.
- Levar un rexistro e control dos ordenadores, actualización dos programas e necesidades.
- Instalar en tódolos ordenadores diversas ferramentas adaptadas ós diferentes ciclos.
- Realizar unha listaxe de páxinas web nas que se poidan traballar diversos contidos para cada un dos ciclos.
- Organizar os diferentes materiais dos que dispoñemos para que estean o alcance de todo o profesorado.
- Fomentar a participación do profesorado nos cursos que os organismos oficiais organicen sobre este tema.
- Cambiar a aula de informática noutra dependencia do centro.
- Dotar de ordenador e proxector naquelas aulas que non teñan e instar á dirección para que a Administración envíe o material para a aula de informática no edificio de educación infantil.
- Actualizar segundo sexa conveniente a páxina web do centro.



**b. Obxectivos para os alumnos/as.**

- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Utilizar o ordenador como, traballo de aula, medio de expresión, cooperación e creación de ideas propias.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, vivencias ... en diversas redes como a internet.
- Superar as limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.

**c. Obxectivos para o profesorado.**

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente utilizando as novas tecnoloxías.
- Lograr a implicación de todo o profesorado na mellora dos contidos.
- Consultar e obter información a través das TIC tanto para temas profesionais como para coñecer experiencias que se poidan levar á aula.
- Utilizar programas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo e outras actividades que se levan a cabo nas aulas.

**ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO**

**a. Coordinador.**

O coordinador do equipo das TICS é José Antonio Rodríguez Vázquez.

Pensamos que é necesaria a figura dunha persoa que coordine, organice e motive o traballo en relación coas TIC. O coordinador encárgase de:

- Ter ben organizado e clasificado todo o material.
- Ocuparse de arranxar calquera tipo de fallo no hardware nos equipos, substituíndo o material defectuoso por un novo para solucionar o problema e no caso de non poder ou non estar capacitado, ocuparse de contactar coa UAC ou coa empresa externa á Administración de mantemento de ordenadores, que o centro ten contratada para arranxar as cousas.
- Servir de enlace e coordinarse con algún dos membros designado polo equipo de biblioteca ou, no seu defecto, co coordinador deste equipo, para asesorar ao mesmo en tarefas relacionadas coas TIC como puidera ser o mantemento de equipos da biblioteca, copias de seguridade periódicas das bases de datos do programa de xestión, etc.
- Motivar ó resto dos compañeiros e facilitar o seu traballo orientándoos, apoiándoos e asesorándoos na medida en que se poida.

## **b. Membros do grupo de traballo das TICS.**

Este grupo estará composto por todos os profesores que voluntariamente queiran traballar neste ámbito. Os membros que están adscritos ao equipo das TICS son:

- María Taboada Blanco
- Consuelo Ucha Peña.
- Hortensia Bautista Fernández.
- Isabel Fernández Picos.
- M<sup>a</sup> Angelines Álvarez Caldelas.
- Jose Antonio Rodríguez Vázquez.
- Eduardo Reiris Mouriño.
- M<sup>a</sup> Eugenia Moreiras Lamelas

As **funcións** que realizarán serán as seguintes:

- Facer unha relación de programas educativos existentes no centro (cunha pequena reseña didáctica de cada un: área de aprendizaxe, ciclo ao que vai dirixido ...) e dala a coñecer ao resto dos compañeiros.
- Actualizar a páxina web do centro.
- Adecentar a aula de informática converténdoa nun agradable lugar no que traballar.
- Elaborar as normas de uso da aula de informática e dalas a coñecer aos alumnos.
- Buscar recunchos interesantes na Rede e dalos a coñecer ao profesorado para logo ser empregados cos alumnos.
- Elaborar material que resulte interesante para colgar na páxina web do centro.

## **ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS:**

### **a. Aula de informática.**

### **b. Equipos da aula.**

## **METODOLOXÍA DE TRABALLO**

### **a. Antes de utilizar os aparellos.**

A nosa metodoloxía está baseada na innovación, é dicir centrada no alumno, seguindo sempre os principios básicos de: individualización, actividade e autonomía.

Está baseada no traballo a través das competencias básicas, analizar, valorar, seleccionar e organizar a información.

O mestre actúa como un mero “guía” e orientador de formación.

O noso plan será flexible, pois nalgúns momentos haberá cambios significativos, nos obxetivos, nos materiais utilizados, na metodoloxía ou nas estratexias de avaliación; tratando sempre deste xeito, de integrar o traballo dentro das programacións da aula e non só, coma un traballo illado de informática. Integra pois o traballo nun proxecto de colaboración con outros.

A nivel organizativo conleva modificacións nos horarios, na distribución de espazos, tempos, etc.

É importante temporalizar cada sesión e planificar cada unha das actividades que se leven a cabo, para evitar na medida do posible as sorpresas de actividades non desexadas.

Sempre procuraremos empezar con: actividades previas e motivadoras, seguiremos con actividades na aula ordinaria, para posteriormente facer as actividades de informática. De xeito que as derradeiras serán “actividades recopilatorias” que nos sirvan para avaliar o nivel dos obxetivos e contidos propostos.

O número de sesións estará recollido na programación da aula.

O mestre previamente haberá estudado, analizado e valorado ben os programas que quere traballar.

Os alumnos deberán saber cales son as normas de utilización da aula de informática.

O mestre deberá insistir sempre nas condutas que terán que ter os alumnos cada vez que cheguen a aula:

- Sentarse coa postura adecuada.
- Non ter presa.
- Ler moi despazo as normas de encendido e apagado dos aparellos.
- Ser paciente.
- Gardar silencio.

#### **b. Mentres se usan os aparellos.**

- Presenza directa do/a docente:
  - Maior canto menos anos teña o alumnado
  - Pouco a pouco ir deixando tempo para iniciativas e autonomía
- O docente dirixe a clase:
  - Durante máis tempo canto menos anos teña o alumnado
- Nas primeiras sesións:
  - Inverter tempo en:
    - Encender e apagar correctamente os ordenadores



- Posición correcta dos discos e memorias extraíbles indicando o que se pode e non se pode facer, cando se pode retirar,...
  - Manexo básico e contados dunha ventá: minimizar, maximizar, pechar,...
  - Programas: abrir e pechar correctamente
  - Teclado e o seu uso correcto
  - Rato e o seu uso correcto
- En todas as sesións:
    - Ir a aula con material cando sexa necesario: tamén se traballará con papel e lapis/boli para tomar anotacións, aínda que se comezará a fomentar o uso de procesadores de texto para o mesmo cometido.
    - Deixar claro que antes de nada recibirán instrucións, polo que será preciso silencio e atención.
    - Na aula de informática mantense silencio e levántase a man para recibir atención e resolver dúbidas.
    - Acostumarse a respectar o material, a recoller e ordenar a aula ao finalizar: deixar cada cousa no seu lugar.

**c. Despois de usar os aparellos:**

- Anotar no rexistro de incidencias calquera desperfecto, tanto ocorrido durante a clase como observado de antes.
- Deixar o material tal e como estaba ao inicio da clase
- Realizar anotacións das actividades realizadas na clase; primeiro en papel e pouco a pouco en formato dixital, podendo crear unha carpeta co nome do curso no ordenador para tal efecto.
- Colocar os móbeis como os atoparon, sen arrastrar as cadeiras.
- Manter ordenada a cdteca.
- Deixar cuberta a folla de rexistro da aula (modelo I).

<b>REXISTRO DE INFORMÁTICA</b>			
<b>DATA</b>	<b>PROBLEMA</b>	<b>FECHA</b>	<b>PROFESOR</b>

## NORMAS DE USO NA AULA DE INFORMÁTICA

Co obxectivo de optimizar ao máximo o uso dos recursos informáticos do Centro establecéronse unha serie de normas que deben ser respectadas e acatadas polos usuarios e usuarias que empreguen as aulas onde se atopan ditos recursos.

Do seu correcto seguimento dependerá que o equipamento TIC das nosas aulas teña un uso verdadeiramente educativo e remate o curso escolar en óptimas condicións, co fin de poderen ser empregadas en cursos vindeiros.

- Cada titor ou titora ten establecida unha hora semanal para o uso da aula, existindo horas libres para o emprego da mesma por especialistas, que deberán solicitar a sesión que máis lle conveña con anterioridade.
- O emprego da aula teñen unha finalidade didáctica de xeito que está prohibido o uso de xogos, chats (Messenger, tuenti, facebook, ...), programas de descarga (Kazaa, Emule...), ...
- Os alumnos que usen a aula de informática deberán estar sempre acompañados por un docente para realizar actividades concretas para o que sexan necesarios os medios informáticos.
- Non se permite o uso da aula nas horas didácticas de lecer sen previo aviso e sen un mestre responsable durante o seu emprego.
- Os ordenadores están configurados cunha serie de programas básicos. Está prohibido que os alumnos instalen softwares nos ordenadores, a excepción da petición por parte do mestre ou mestra responsable nese momento que ten que comunicalo ao coordinador/a das Novas Tecnoloxías.
- Cada alumno ou alumna é responsable do posto onde se senta, debendo indicar ao profesor/a os desperfectos cos que se atope no momento da súa detección. Para facilitar o control sobre os ordenadores, o mestre/a anotará na folla de “rexistros de incidencias” (situada ao lado da porta de saída) o seu nome e o número do ordenador no que se atopou o problema, detallando brevemente o motivo de tal incidencia. Este rexistro, será recollido posteriormente polo/a coordinador/a das TIC’s, quen tomará as medidas precisas.
- Non deben moverse os ordenadores do seu lugar orixinal, non se poderán cambiar teclados nin ratos, no caso de que non funcionen seguirase o dito no punto anterior.

- Polo uso diario da aula con persoas de diferentes niveis, é recomendable que os usuarios fagan unha copia do traballo realizado na aula, posto que, unha vez rematada a clase e pechados os ordenadores, estes non gardarán os diferentes documentos ou traballos.
- Dentro do posible débese gardar silencio dentro destas aulas ao estaren destinadas a un uso educativo.
- Para o beneficio de todos, deberase manipular e usar, tanto o equipo como o mobiliario, de maneira axeitada, manténdoa limpa e ordenada en todo momento.
- Non se poden introducir nin comidas nin bebidas nestas aulas.
- Para facilitar o aforro de enerxía e requeitamento dos equipos é necesario que ao saír da aula se apaguen de forma axeitada os computadores e as luces.

#### DISTRIBUCIÓN HORARIA DA AULA DE INFORMÁTICA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1 <sup>a</sup>	TICS				
2 <sup>a</sup>		TICS		5B	1° A
3 <sup>a</sup>				5° D	6° A
4 <sup>a</sup>	2° B	4° B	2° A	5° C	6° B
5 <sup>a</sup>	4° C		4° D	5° A	6° D

#### SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN TICS

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan das TIC.

Pretendemos realizar actuacións en relación coa avaliación continua e final do plan. En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parello un seguimento que nos permita comprobar os avances e a adecuación das actuacións iniciadas, así como apreciar as posibles deficiencias na súa posta en práctica. Este seguimento permitirá ter unha visión global de todo o proceso que nos informará do seu desenvolvemento e permitiranos corrixir as posibles deficiencias. A avaliación



final informaranos sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e da realización e adecuación das actuacións levadas a cabo.

O Plan, dende o noso punto de vista complexo, avaliarase de diferentes formas e en diferentes momentos. Para iso utilizaranse procedementos tales como: cuestionarios nas actividades formativas, entrevistas con titores e especialistas, análise das distintas programacións sobre as TIC, observación de melloras nas cualificacións dos rapaces,...

A liña de traballo avaliarase nas reunións do grupo de traballo das Tics, atendendo as suxestións das diferentes reunións de ciclo de cada etapa, e levarase a **C.C.P.** para que se elabore a avaliación final que se deberá aprobar polo Claustro, quedando refrexada na Memoria Anual.

O resultado destas actuacións permitiranos introducir, durante o curso e en cursos seguintes, modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características do plan e, en definitiva, manter un plan vivo que se adecúe o máis posible á singularidade da nosa comunidade educativa.